# BLACKBERRY QUICK SEARCH POWERED BY GOOGLE
# AVISO DA LICENZA

Research In Motion Limited ou unha das súas filiais ("RIM") ten o pracer de poñer á disposición de Vostede (é dicir, vostede individualmente ou se está autorizado para adquirir o Software do cliente en nome doutra entidade, este Vostede refírese a esta entidade) de balde BlackBerry Quick Search powered by Google (o "Software do cliente"). O Software do cliente é Software portátil para BlackBerry e RIM proporciónalle a vostede a licenza baixo os termos do Acordo de licenza estándar de RIM para software de BlackBerry ("BBSLA"). O termo Software portátil para BlackBerry, tal como se define no BBSLA, inclúe software propiedade de RIM que se transmite, distribúe ou fornece dalgún outro xeito por RIM ou outra empresa no seu nome, de cando en vez, para o seu uso nun produto portátil, é dicir, inclúe este Software do cliente. Polo tanto, se vostede xa aceptou os termos e condicións do BBSLA en relación ao uso do seu Produto BlackBerry (tal como se define no BBSLA), entón o seu uso do Software do cliente rexirase automaticamente por eses mesmos termos e condicións. SE AÍNDA NON ACEPTOU O BBSLA, AO FACER CLIC EN "ACEPTO" NO ESPAZO INDICADO ABAIXO VOSTEDE ACEPTA A OBRIGA DE RESPECTAR O BBSLA. SE NON DISPÓN DO BBSLA Á MAN, PODE ATOPALO EN WWW.BLACKBERRY.COM OU CONTACTANDO CON RIM A TRAVÉS DE LEGALINFO@RIM.COM.